



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas para a convocatoria para a provisión en propiedade polo sistema de concurso-oposición de unha (1) praza de técnico de deportes, funcionario (estabilización)

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO DE DEPORTES, FUNCIONARIO (ESTABILIZACIÓN)

1ª.- OBJECTO.-

As presentes bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de concurso-oposición por quenda libre, de unha (1) praza de funcionario denominada: técnico de deportes, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase servizos técnicos, grupo A, subgrupo A2, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2022 de estabilización en todo aquilo que non estea previsto nas Bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público de estabilización para o Concello de Sada do ano 2022.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: OEPE 16-2022

3ª.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: técnico de deportes

b) Grupo de clasificación: B

c) Tipo de relación xurídica: funcionario

d) Funcións:

- Coordinación e execución das actividades e programas municipais de deportes en coordinación e baixo a supervisión da Concellaría delegada no eido do Deporte. Asesoramento técnico na planificación de actividades deportivas. Elaborar e formular propostas de actuación á Concellaría de Deportes, coordinando, dirixindo e impulsando as actividades que se lle encomenden.

- Organización, xestión e control das actividades deportivas, proponendo a oferta de actividades da mesma.

- Elaborar propostas de selección e contratación de eventos deportivos.

- Elaboración das distintas solicitudes para organismo oficiais.

- Elaboración das memorias de cumprimento de obxectivos.

- Tarefas de relacións públicas co tecido asociativo deportivo e clubs profesionais e atención ao público

- Elaboración da proposta orzamentaria sobre as necesidades en materia de deportes.

- Control e inspección de empresas concesionarias de equipamentos deportivos.

- Control e xestión do Rexistro municipal de entidades deportivas.

e) Correspondencia co posto de traballo con código 060009 da RPT, ao cal se adscribirá definitivamente a persoa proposta.

4ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de concurso-oposición, ao darse os requisitos establecidos no art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e levar ocupada forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

5ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión da Licenciatura ou Grao universitario en Educación Física ou equivalente, diplomatura en Maxisterio con especialidade en Educación Física ou equivalente, técnico superior de formación profesional en Animación de Activida-

des Físicas e Deportivas ou equivalente. (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).

- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditálo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7.4º.

6ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo de presentación de solicitudes é o establecido na base cuarta das xerais, agás para a presentación dos méritos académicos alegados, que se establece como prazo o 31 de agosto de 2023.

As taxas serán as establecidas na base quinta das xerais para o Grupo B, asimilado: 20 euros.

7ª.- PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo é o concurso-oposición e consistirá na suma total dos méritos presentados e a puntuación da fase de concurso.

7.1. Na fase de concurso tribunal examinará os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 15 puntos.

- Por experiencia nun posto de técnico de deportes nun Concello: 0,50 puntos por cada mes.

- Por experiencia nun posto de técnico de deportes no resto de Administracións Públicas: 0,30 puntos por cada mes.

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo ou certificados emitidos polo órgano competente das Administracións Públicas indicando posto, funcións e duración do contrato xunto co certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral).

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 25 puntos, conforme ás seguintes regras:

1) Por título relacionado co deporte: ata un máximo de 5 puntos.

- Título de patrón de embarcacións de recreo: 1 punto.

- Título de capitán de iate: 1 punto.

- Título de DESA (Manexo de desfibrilador): 1 punto.

- Título de monitor nacional nalgún deporte: 2 puntos

2) Os cursos de formación e perfeccionamento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas directamente relacionados coas funcións da praza convocada e materias/áreas de coñecemento recollidas nas bases. Valoraranse ata un máximo de 10 puntos, a razón de:

- De 11 a 20 horas: 0,5 puntos.

- De 21 a 50 horas: 1 puntos.

- De 51 a 80 horas: 1,5 puntos.

- De 81 a 150 horas: 2 puntos.

- De 151 a 250 horas: 2,5 puntos.

- Más de 250 horas: 3 puntos.

3) Os cursos de formación e perfeccionamento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais. A estes efectos considérase materia transversal: prevención de riscos laborais, igualdade, non discriminación e prevención da violencia de xénero, lingua de signos española, técnicas de comunicación, traballo en equipo, protección de datos, procedemento administrativo, calidade dos servizos, sinatura electrónica, tedec, administración electrónica. Valoraranse ata un máximo de 10 puntos, a razón de:

- De ata 9 horas: 0,25 puntos.

- De 10 a 20 horas: 0,5 puntos.

- De 21 a 50 horas: 1 puntos.
- De 51 a 80 horas: 1,5 puntos.
- De 81 a 150 horas: 2 puntos.
- De 151 a 250 horas: 2,5 puntos.
- Más de 250 horas: 3 puntos.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Cando a acreditación dos cursos o diplomas figuren en créditos, realizarase a equivalencia dun crédito igual a 20 horas.

Non se valorarán como cursos:

- Os que non acrediten as datas de realización e/ou as horas de duración, nin os inferiores a 10 horas lectivas, salvo que se especifique no apartado correspondente a valoración.

- Os derivados de procesos selectivos ou preparatorios de procesos de promoción interna independente e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, congresos, simposios, talleres e similares, nin a formación especializada que resulte imprescindible para a obtención dunha titulación académica determinada ou para o exercicio dunha profesión.

- Aqueles empregados para cumprir algún dos requisitos de acceso á categoría obxecto da convocatoria.

- Os recibidos dentro dun doutorado, máster, grado ou titulación universitaria, nin o propio título de doutorado, máster, grado ou título universitario oficial.

A estes efectos valoraranse por igual os cursos de formación de asistencia e de aproveitamento recibidos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

Unha vez realizada a valoración polo tribunal publicarase a relación de méritos e abrirase un prazo de tres días hábiles para presentar posibles reclamacións.

7.2. Fase de oposición:

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo II das bases xerais e base 9.^a das específicas). Estará composto por 10 preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco ou incorrectas non descontarán. A cualificación máxima é de 20 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 40 puntos.

- Os exercicios son obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

- Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.3. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma da puntuación da fase de concurso e da fase oposición.

7.4. Exame de coñecemento da lingua galega.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 5ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- ÁREA DE COÑECEMENTO MATERIAS ESPECÍFICAS.

12. O acceso á educación física e a deporte como dereito fundamental: A Carta Internacional da Educación Física, a actividade física e o deporte. A Declaración de Berlín.

13. A organización e a estrutura do deporte no ámbito Internacional. Organismos públicos e organizacións internacionais. Ámbito de actuación, competencias e funcións. Comité Olímpico Internacional. Comité Olímpico Europeo.

14. O deporte como ferramenta para o desenvolvemento sustentable. Carta Internacional da Educación Física, a Actividade Física e o Deporte no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e a Axenda 2030. Carta Verde do Deporte Español. Sistemas de xestión ambiental no ámbito do deporte.

15. Movemento Olímpico. Carta Olímpica. Xogos Olímpicos: Xogos da Olimpada e Xogos Olímpicos de Inverno. Programas deportivos dos Xogos Olímpicos.

16. Movemento Paralímpico. Os Xogos Paralímpicos. Comité Paralímpico Internacional. Clasificación das discapacidades para o deporte.

17. Federacións deportivas internacionais e Asociacións deportivas internacionais. Competencias, funcións e recoñecemento.

18. Asociación Mundial Anti-dopaxe (WADA-AMA). Clasificación e funcións. Lista de substancias e métodos prohibidos.

19. O Tribunal de Arbitraje Deportiva (TAS/CAS). Historia, membros, arbitraje e mediación.

20. Federación Internacional do Deporte Universitario (FISU). Competencias e funcións. Estructura e órganos de goberno. Membros. Eventos deportivos.

21. Marco xurídico do deporte en Europa: Unión Europea, proxectos e iniciativas comunitarias. O libro branco sobre o Deporte.

22. O marco xurídico do deporte en España. Lei do deporte Estatal. Estructura e organización do deporte no ámbito estatal.

23. Consello Superior de Deportes. Competencias e funcións.

24. Resolución de litixios deportivos. Tribunal Administrativo do Deporte.

25. O asociacionismo deportivo en España. Normativa reguladora. Tipos de entidades deportivas de ámbito estatal. Rexistro de Entidades Deportivas.

26. Federacións deportivas españolas. Estructura, competencias, funcións, réxime electoral e código de bo goberno. Modalidades, especialidades e probas deportivas.

27. Deporte profesional en España. Sociedades Anónimas Deportivas. Ligas profesionais. Competicións deportivas oficiais de ámbito nacional. Deportista profesional: concepto, características diferenciais e regulación normativa.

28. Deporte de alto nivel e alto rendemento estatal e Deportistas galegos de alto nivel e os programas de apoio.

29. Programa Nacional de Tecnificación Deportiva. Centros de Alto Rendemento e Tecnificación Deportiva. Centros especializados. Características e requisitos. Sistema de clasificación.

30. Deporte en Idade Escolar e Deporte Universitario. Marco xurídico, estrutura nacional, competencias, programas e competicións.

31. Protección da saúde e loita contra a dopaxe no deporte. Normativa. Organismos reitores. Seguridade na práctica deportiva. Plans de apoio. Ámbitos de actuación.

32. Deporte e Muller. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Plans e programas a nivel nacional.

33. Deporte e sociedade. Deporte inclusivo. Deporte adaptado. Fenómenos distorsionadores do Deporte: violencia, racismo, xenofobia, intolerancia. Normativa estatal. Deporte na contorna laboral. Organizacións saudables. Actividade física saudable na contorna laboral.

34. As titulacións no ámbito da educación física e o deporte. Titulacións académicas e Titulacións deportivas. Ensinos Deportivos de Réxime Especial (EDRE). Cualificacións e competencias profesionais: o Sistema Nacional de Cualificacións

e Formación Profesional. Catálogo de Cualificacións Profesionais. Familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas. Formación Profesional modular.

35. Socioloxía e deontoloxía da actividade física e do deporte. Ética e profesión. A deontoloxía na Educación Física e o Deporte

36. A organización e a estrutura do deporte no ámbito autonómico. Marco xurídico do deporte en Galicia. Lei do deporte de Galicia: disposicións xerais, administración e organización do deporte. Marco competencial en materia de deporte.

37. Clasificación do deporte en Galicia. Actividade física e deportiva. Competicións oficiais de ámbito autonómico: concepto, clasificación, características e normativa de aplicación. Eventos deportivos. Seguro de responsabilidade civil.

38. Axentes da actividade deportiva en Galicia. Entidades deportivas. Protección das persoas deportistas de Galicia. Asistencia sanitaria. Protección da saúde.

39. Federacións deportivas Galegas. Estrutura, competencias, funcións, réxime electoral e código de bo goberno. Modalidades, especialidades e probas deportivas. A xurisdición deportiva en Galicia. Comité Galega de Xustiza Deportiva

40. O marco xurídico do deporte na administración local. Organización, estrutura, competencias e funcións propias relacionadas coa actividade física e o deporte.

41. Tipos de xestión pública en materia deportiva. Provisión e prestación do servizo. Modalidades de xestión directa e indirecta. Contratación pública aplicada ao ámbito deportivo: tipos, características, aplicación.

42. Programas para o fomento e a promoción deportiva a través de modelos de colaboración público-privada. Convenios de Colaboración con federacións e entidades deportivas e con entidades de servizos sociais.

43. Fomento da actividade física e deporte por parte da administración. A subvención como medida de fomento. As subvencións no ámbito deportivo no Concello de Sada.

44. Organización de eventos: sistemas e modelos de organización. Avaliación, impactos, incidencia e retornos de eventos deportivos. Regulación normativa para a súa celebración en Galicia. Permisos e autorizacións.

45. Voluntariado deportivo: regulación, concepto, dereitos, deber e límites á acción voluntaria. Entidades de voluntariado.

46. Patrocinio deportivo e mecenado. Desenvolvemento de estratexias. Concepto e tipos de patrocinio.

47. Os equipamentos e espazos deportivos: xeneralidades. Salas e pavillóns, piscinas, pistas e campos grandes. Equipamentos deportivos en contornas educativas. Normativa técnica que lle afecta e/ou regula. Normas NIDE: especificacións técnicas. Censo nacional de instalacións deportivas. Normalización técnica en instalacións e equipamento deportivo.

48. Instalacións deportivas de Galicia. Plan xeral ou director de instalacións e equipamento deportivo. Conceptos básicos. O uso colectivo das piscinas en Galicia. Criterios técnico-sanitarios.

49. Políticas públicas en materia de deporte. Modelos e formas de xestión pública no deporte. Xestión e mantemento de instalacións deportivas e servizos deportivos. Calidade na xestión deportiva: normativa, prácticas, certificacións e distincións. Financiamento público: taxas e prezos públicos.

50. Planificación estratéxica e proceso de dirección nas organizacións deportivas. Dirección de equipos. Habilidades sociais e emocionais na xestión deportiva. Deseño de proxectos deportivos. Ética na xestión deportiva. Modelos de organización do deporte. Análise de organizacións deportivas. O control e a avaliación da xestión.

51. Catálogo de Servizos Deportivos Municipais para os diferentes segmentos de poboación. Criterios e variables para a elaboración da programación de actividades da tempada deportiva. Protocolos de participación, accesibilidade, inclusión e perspectiva de xénero. Programas para o fomento da práctica deportiva autónoma dentro e fóra dos centros deportivos.

52. Os recursos humanos na xestión deportiva (I). Dirección de recursos humanos en organizacións deportivas. Conceptualización. Planificación. A estrutura organizativa e o posto de traballo. A dirección por competencias e a avaliación do desempeño dos recursos humanos de actividade física e deporte.

53. Os recursos humanos na xestión deportiva (II). Proceso de selección e planificación da formación dos recursos humanos nas organizacións de actividade física e deporte. As habilidades directivas e lexislación. Os elementos laborais na dirección dos recursos humanos.

54. A planificación do deporte desde vía educativa. A educación física e deportiva escolar.

55. O deporte como medio de mobilidade social. Deporte, globalización e identidade. Deporte e conflito: violencia, racismo e xenofobia. Ética e deporte.

56. O papel da educación física e o deporte na prevención da violencia infantil. O papel da educación física e o deporte na prevención dos trastornos de conduta alimentaria. O deporte como medio de integración social e de prevención da exclusión social.

57. Actividade física e saúde. Concepto de saúde. Resumo histórico da interacción do exercicio-saúde. Indicadores de saúde. Incidencia do exercicio na saúde. Programación da actividade física e o exercicio como ferramenta saudable.

58. Actividade física e saúde pública. A actividade física como prevención de patoloxías: Obesidade, dislipemias e arterosclerose. Osteoporose. Diabetes Mellitus Tipo II. Hipertensión. Artrose. Diálise e exercicio. Efecto da actividade física durante o tratamento do cancro. Efectos do exercicio físico en patoloxías crónicas: Síndrome metabólico. Cardiovasculares. Endocrinas. Respiratorias. Aparello locomotor. Sistema nervioso e neurodexenerativas. Cancro. Enfermidades do sangue. Xenitourinarias. Dixestivas.

59. O deporte no Concello de Sada: instalacións deportivas. As instalacións acuáticas. As asociacións deportivas.

60. O deporte náutico no Concello de Sada. O porto deportivo: actividades. Deporte e turismo no Concello de Sada.

61.- O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

62.- A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

Sada, 27 de decembro de 2022

A alcaldesa

Maria Nogareda Marzoa

2022/8495